


# LETRAS GALEGAS



## 2023



**Francisco Fernández del Riego** nace en Vilanova de Lourenzá (Lugo) o 7 de xaneiro de 1913. Cursou Dereito e Filosofía e Letras en Santiago e Madrid. Ao acabar a guerra civil, trasládase a Vigo onde participa na creación da Editorial Galaxia. Tamén participa na revista Grial. En 1963 faise cargo da Biblioteca Penzol. Autor de numerosas publicacións e impulsor de moitas actividades culturais. En 1997 foi nomeado presidente da Real Academia Galega. Recibiu numerosos premios: Medalla Castelao, Pedrón de Ouro, ou o Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo, entre outros. Faleceu en Vigo o 26 de novembro de 2010.

Dende o **CPI RAMÓN PIÑEIRO** queremos sumarnos ás celebracións do día das Letras Galegas e á homenaxe a Francisco Fernández del Riego co seguinte programa de actividades:

### MÉRCORES 10 de Maio

- **OBRA TEATRO “OS VELLOS NON DEBEN NAMORARSE”**. Interpretada por alumnos/as de 3º ESO para os usuarios do CENTRO DE DÍA DE O CORGO. Acudirán 2º e 3º ESO. *Centro de día. 11:00 horas.*

### VENRES 12 de Maio

- **OBRA TEATRO “OS VELLOS NON DEBEN NAMORARSE”**. Interpretada por alumnos/as de 3º ESO para o resto de alumnos/as desta etapa e as súas familias. *Salón de actos. 13:20 horas.*

### LUNS 15 de Maio

- **MINICONCERTO DE MÚSICA CLÁSICA CON RODRIGO VÁZQUEZ E BENY ARGÜELLES**: grandes bandas sonoras e música tradicional. 6º de Primaria e toda a ESO. *Salón de actos. 10:30 horas.*
- **OBRA TEATRO “OS VELLOS NON DEBEN NAMORARSE”**. Interpretada por alumnos/as de 3º ESO para os alumnos/as de 4º, 5º e 6º de PRIMARIA. *Salón de actos, 12:30 horas.*

### MARTES 16 de Maio

- **CONTACONTOS CON ANXO MOURE**: Infantil e 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria. *Biblioteca. 12:30 horas.*
- **OBRA TEATRO EN INGLÉS “PILGRIMS GET LOST IN A POBRA DE SAN XIAO”**. Interpretada por alumnos/as de 1º ESO para os alumnos de 5º, 6º Primaria e 2º, 3º, 4º de ESO. *Salón de actos 13:00 h.*

- **FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS**. *Patio cuberto. 15:00-16:20 horas.*

- **ED. INFANTIL** – Interpretación “Arroz con chícharos”.
- **1º e 2º PRIMARIA** – O rap da lingua.
- **3º e 4º PRIMARIA** – Análise e resumo do libro de Fernández del Riego “*As Peregrinacións Xacobeas*”.
- **5º PRIMARIA** – OBRA DE TEATRO “*Historia dunha sobreira*”.
- **6º PRIMARIA** – Biografía Francisco Fernández del Riego.
- **3º ESO** - Obra vocal “Rumboia” (Mini y Mero).
- **2º ESO** – Obra vocal e instrumental “Lela”.
- **4º ESO** – Coreografía “Cómo te atreves a volver” (Morat) . Obra vocal “Dieciocho” (Dani Martín).

**Comida para todos os alumnos/as e profesores/as das diferentes etapas educativa (14:00 - 14:45 h.)**

**INVÍTASE A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA A ASISTIR AO TRADICIONAL FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS O VINDEIRO MARTES 16 DE MAIO NO PATIO CUBERTO ÁS 15:00 H.**